



POLÍTICA DE CALIDADE DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Na Dirección Xeral de Saúde Pública consideramos a calidade como un elemento estratéxico fundamental para o éxito da nosa organización.

O noso obxectivo é ofrecer unha resposta eficaz, eficiente e segura ás necesidades de saúde da cidadanía, garantindo o cumprimento dos requisitos legais e a satisfacción das expectativas das persoas usuarias. Ao mesmo tempo, promovemos un ambiente laboral no que o persoal se sinta implicado e partícipe no proceso de mellora continua.

A nosa política de calidade mantense plenamente aliñada coas políticas de sostibilidade e co noso código ético.

PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DA POLÍTICA DE CALIDADE:

- Satisfacción das partes interesadas, asumindo como prioridade colectiva a prestación de produtos e servizos de máxima calidade.
- Xestión eficaz dos procesos, con definición de metas claras, avaliación periódica do desempeño e procura constante de mellora continua, actuando sempre con transparencia, rigor e independencia.
- Participación activa do persoal, favorecendo a súa implicación a través de ferramentas, capacitación e recursos que lles permitan contribuír de maneira efectiva á mellora da calidade.
- Participación da comunidade, incorporando a súa visión e necesidades no marco do novo modelo de saúde pública.
- Compromiso e liderado da Dirección, orientado á xestión sostible e ao cumprimento da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, garantindo a dispoñibilidade de recursos, promovendo a mellora continua e asumindo a responsabilidade de render contas respecto da eficacia e a xestión.

COMPROMISO DA DIRECCIÓN

A Dirección Xeral de Saúde Pública asume a responsabilidade de asegurar a implantación e cumprimento desta política, proporcionando os recursos necesarios, impulsando unha cultura organizativa baseada na calidade e liderando o camiño cara á excelencia en todos os ámbitos.

Esta política será obxecto de revisión e actualización periódica, para adaptarse aos cambios sociais, ambientais e tecnolóxicos, así como aos avances vinculados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Convidamos a todo o persoal e á cidadanía a participar activamente na súa implementación, aportando ideas e suxestións que permitan fortalecer e enriquecer esta política de calidade.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2025

A directora Xeral de Saúde Pública

Carmen Durán Parrondo

